

SOLICITUDE DE OFERTAS PARA A FORMALIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO

Co obxecto de executar o programa de endebedamento e cubrir as necesidades de financiamento do presente exercicio e/ou reestruturación e de conformidade cos artigos 37 e 38 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a Xunta de Galicia ten a intención de ir formalizando ao longo deste ano diversas operacións de endebedamento, para o que estaríamos interesados en recibir das diferentes entidades financeiras especializadas as súas propostas de operacións de financiamento ao longo do exercicio.

Solicitamos, polo tanto, ofertas para a realización de operacións a longo prazo, cuxo custo deberá cumprir os requisitos establecidos pola correspondente Resolución da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera que define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas.

As ofertas que se presenten deberán especificar as seguintes condicións:

1. Formato da operación: Emisión de débeda, préstamo ou schuldschein.
2. Moeda.
3. Importe en euros, aínda que a operación sexa en moeda distinta.
4. Prazo.
5. Perfil de amortización.
6. Prezos de emisión e reembolso.
7. Tipo de xuro.
8. Swap: para o caso de presentarse ofertas en moeda distinta ao euro ou cun tipo de xuro con referencia distinta ao Euríbor, deberá presentarse o correspondente swap que elimine o risco de tipo de cambio ou o risco derivado da referencia distinta ao Euríbor.
9. Marxe sobre a referencia
10. Comisións ou gastos
11. Período de vixencia da oferta
12. Custo "All-in" da oferta (no caso de presentar ofertas con swap, o custo all-in da oferta expresarase despois da formalización do citado swap)

As entidades interesadas poderán ir presentando as ofertas ao longo do presente exercicio 2024 á seguinte dirección de correo electrónico:

OperacionsFinanceiras@conselleriadefacenda.es

O prazo para a presentación de ofertas remarará o 31 de decembro de 2024.

